

POLÍTICA DE UTILIZACIÓN RAZOABLE ROAMING DENTRO DA UNIÓN EUROPEA:

Conforme ao indicado no Regulamento de Execución (UE) 2016/2286 da Comisión do 15 de decembro de 2016, especialmente no seu artigo 4, **R** establece as seguintes políticas para evitar usos anómalos ou abusivos dos servizos de itinerancia na Unión Europea) (en adiante UE) que se aplicarán de conformidade ao estipulado en dito regulamento:

1.- **R** poderá solicitar aos seus clientes itinerantes que faciliten probas da súa residencia habitual en España, ou que teñan vínculos estables que impliquen unha presenza frecuente e substancial en territorio español.

2.- No caso de paquetes de datos abertos **R** resérvase o dereito, previa notificación ao cliente, de establecer un límite de consumo en itinerancia na UE igual ou superior ao dobre do volume obtido dividindo o prezo nacional ao por menor global de dito paquete de datos abertos, IVE excluído, correspondente á totalidade do período de facturación, entre a tarifa máxima por itinerancia ao por maior regulada a que se refire o artigo 12 do Regulamento (UE) nº 531/2012.

3.- Nos supostos de liñas con consumos (de voz e/ou datos) en itinerancia na UE maiores que en territorio nacional durante un período de alomenos catro meses consecutivos: **R** notificará ao cliente que, en ausencia de modificación das súas pautas de uso no prazo de dúas semanas, **R** resérvase o dereito de facturar ao cliente un recargo aos consumos en itinerancia dentro da UE ata o momento no que o uso do cliente deixe de indicar un risco de uso abusivo ou anómalo. En calquera caso a suma da tarifa nacional máis o recargo aplicado non poderá superar 0,2290€/minuto e 0,2420€ por megabyte utilizado (IVE incl.).

4.- Igualmente, no caso de tarxetas SIM con larga inactividade (2 meses ou máis) que unicamente se empreguen para consumos en itinerancia, ou en casos de activación e utilización secuencial de máis dunha tarxeta SIM por un mesmo cliente cando se encontre en itinerancia: **R** notificará ao cliente que en ausencia de modificación das súas pautas de uso **R** resérvase o dereito de facturar ao cliente un recargo aos consumos en itinerancia dentro da UE ata o momento no que o uso do cliente deixe de indicar un risco de uso abusivo ou anómalo. En calquera caso a suma da tarifa nacional máis o recargo aplicado non poderá superar 0,2290€/minuto e 0,2420€ por megabyte utilizado (IVE incl.).

5.- Reclamacións. O cliente dispón dos medios de reclamación previstos nas Condicións Xerais de Contratación do servizo de telefonía móbil para resolver calquera reclamación relacionada coa aplicación da presente política de uso razoable.